Xullo de 2023

Núm. 79

# Boletín de Igualdade



O Boletín de Igualdade é unha publicación mensual dixital en acceso libre da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos sobre igualdade de xénero.


**UNIDADE DE IGUALDADE**

**Edificio Ernestina Otero 1º andar**

**Campus universitario**

**Vigo-36310**

**igualdade@uvigo.gal**

**986 813 419**


Se queres achegar información, envía as tuas suxestións, por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade
UniversidadeVigo

# CONTIDO

AXENDA........ 4
FORMACIÓN........ 4
CONGRESOS E SEMINARIOS........ 4
CONVOCATORIAS........ 5
SUXESTIÓNS........ 6
BIBLIOGRAFÍA........ 9
RECURSOS........10
NOVAS DO DUVI........13
NOVAS........13
DATOS........15
ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE........16
FERRAMENTAS DE IGUALDADE........20

# XULLO

| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 26 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 1 | 2 |
| 27 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 28 | 10 | 11 San Bieito — Festivo local en Pontevedra | 12 | 13 | 14 Día Internacional da Visibilidade Non Binaria | 15 | 16 |
| 29 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 30 | 24/31 | 25* Día Internacional das Mulleres Afro-descendentes | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

## AXENDA

**29 de xuño: «Enxeñaría x Mulleres». Actividade para conmemorar o Día Internacional da Muller na Enxeñaría.**

Nas instalacións do centro atlanTTic entre as 11.30 e as 14:00 h. Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero da Unidade de Igualdade

## FORMACIÓN

**Desarmando la masculinidad: implicación de los hombres en los cuidados como estrategia de prevención de violencias** +Info

Do 5 ao 7 de xullo como parte do programa de cursos de verán da Universidade Complutense de Madrid.

**XVIII Novas Fronteiras na Igualdade de Oportunidades 2.0: violencias, machosfera, consentimento, coeducación** +Info

Do 11 ao 14 de xullo dentro do programa de Cursos de Verán da USC.

**Feminismos en movemento: retos de futuro.** Actividade dentro do Foro: «Pensar o mundo dende Galicia» do Consello da Cultura Galega. Coordina Carme Adán +Info

O día 13 de xullo.

**Xornadas Internacionais EDIGA: Xénero, Entornos Dixitais e Adolescencia** +Info

O 13 e 14 de xullo na Facultade de Ciencias da Educación da Universidad de Santiago de Compostela.

**Curso «Sólo sí es sí» do programa de cursos de verán da Universidade Complutense de Madrid** +Info

Do 19 ao 21 de xullo.

**Obradoiro «Interseccións escurecidas: entendendo a raza, o xénero e a política en contextos europeos» (EN)** +Info

Do 15-17 de agosto de 2023, Universidade de Ciencias e Artes Aplicadas de Lucerna (Suíza).

## CONGRESOS E SEMINARIOS

**III Congreso Internacional de Género y Educación. Universidad de Valladolid** +Info

O 5, 6 e 7 de xullo de 2023 en Soria. Presencial e en liña.

**III Congreso Internacional de Género y Educación. Escuela, Educación no formal, Familia y Deporte** +Info

Do 5 ao 7 de xullo de 2023 en Soria. Neste evento no que se combinarán actividades en varios formatos: conferencias plenarias maxistrais, obradoiros, comunicacións procedentes de investigacións e experiencias e outras actividades.

**Xornadas Internacionais EDIGA: «Xénero, entornos dixitais e adolescencia»** +Info

13 e 14 de xullo. Universidade de Santiago de Compostela. Inscricións abertas.

**European Women's Lobby AGORA: campamento de verán para mozas feministas** +Info

Solicitudes ata o 23 de xullo. Formato presencial en Bruxelas.

**III Congreso Internacional «Feminismo Digital: los Derechos de la Mujeres en la era de Internet»** +Info

27 e 28 de xullo de 2023. Organizado pola Unidad de Excelencia de la Sociedad Digital de la Universidad de Granada.

**XIV Congreso de la Sociedad Española de Fenomenología (SEFE): Fenomenología, feminismo e intersubjetividad** +Info

27, 28 e 28 de setembro de 2023. Sede Escuelas Pías de UNED Madrid.

## CONVOCATORIAS

**III Congreso Internacional «Feminismo Digital: los Derechos de la Mujeres en la era de Internet»** +Info

Envío de comunicacións ata o 10 de xullo. Organizado pola Unidad de Excelencia de la Sociedad Digital de la Universidad de Granada.

**Premio da Sociedad Italiana de Historiadores (SIS) para teses doutorais** +Info

Convocatoria aberta ata o 31 de xullo.




**I Premio de periodismo feminista Lucía Martínez Odriozola.** Convocado por Pikara Magazine y la Asociación de Mujeres Periodistas de Pikara Magazine +Info

Ata o 31 de xullo.

**Monográfico "Corporalidades: diálogos en torno a sujeto y género". Clepsydra: Revista Internacional de estudios de género y teoría feminista** +Info

Recepción de orixinais ata o 1 de setembro de 2023.

**Cuarto Congreso Internacional «Género y sexualidad en las culturas hispánicas. Masculinidades disidentes»** +Info

Recepción de propostas ata o 10 de setembro de 2023.

**V Premio Alicia Herrera artículos jurídicos mujer y derecho** +Info

Prazo de presentación até o 14 de setembro de 2023.

Número especial da revista **Papeles del CEIC. Por que a socioloxía cuantitativa debe saír dos armarios?** +Info

Aberta a recepción de artigos ata o 30 de setembro de 2023.

**VIII Edición do Concurso de Fotografía e IV Edición do Concurso de Video Xenerosidade «Yo decido». Fundación Cermi Mulleres. +Info**

O prazo de presentación de obras finaliza o 30 de setembro de 2023.

**VIII Congreso Economía Feminista +Info**

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

**Científicas e innovadoras +Info**

A Unidad de Mujeres y Ciencia do Ministerio de Ciencia quere ampliar a plataforma na que se recollen os perfiles de científicas e innovadoras que teñan recibido premios e distincións en I+D+i. Os datos poden enviarse a umyc@ciencia.gob.es

**Estruturas de Poder, Opresión e Resistencia nos sistemas alimentarios e alimentarios +Info**

**Explorando a violencia de xénero e o feminicidio no teatro musical dos séculos XX e XXI. +Info**

## SUXESTIÓNS

De cara as eleccións xerais do 23 de xullo quixemos traer algúns datos sobre o papel das mulleres na política española e as estatísticas actuais sobre a representación das mulleres na política.

### Un pouco de historia



A entrada das mulleres no campo político español sucedeu durante a Segunda república, cando nas eleccións as Cortes constituíntes de xuño de 1931 foron elexidas dúas mulleres: Clara Campoamor (Partido Radical) e Victoria Kent (Partido Radical-Socialista). En outubro deste mesmo ano, aprobarase o artigo nº 36 da consitución que establecía:

“Los ciudadanos de cualquier sexo, mayores de veintitrés años, tendrán los mismos derechos electorales que determinen las leyes". Nas seguintes eleccións, en 1933, xa puideron acudir ás urnas as mulleres. Aínda que o dereito ao voto foi interrompido, polo golpe de estado e a ditadura.




No contexto galego, cómpre agradecer o traballo de investigación da profesora Aurora Marco, que leva anos traballando por recuperar a memoria das mulleres, sobre todo, no ámbito político durante a ditadura, recompilando as memorias de guerrilleiras, milicianas, repesaliadas e fuxidas. De feito, a súa investigación sobre a acción social, cultural e política das mulleres a comezos do século XX recollida no seu libro Irmandiñas (Marco Rodríguez 2020) confirma que houbo mulleres con un profundo compromiso político e que non foron unha excepción, senón excepcionalmente esquecidas pola nosa memoria colectiva.

## A actualidade mundial

No mapa «Mujeres en la política: 2023», creado pola Unión Interparlamentaria (UIP) e ONU Mujeres, preséntase os datos sobre as mulleres en postos executivos e parlamentos nacionais a 1 de xaneiro de 2023. En xeral, observamos unha infrarepresentación das mulleres en todos os niveis da toma de decisión a nivel mundial.

As mulleres son Xefas de Estado e/ou goberno en só 31 dos 194 países, un 16% do total, e só representan o 26,5% dos escanos parlamentarios. Ademais, os datos tamén amosan diferencia nas áreas de responsabilidade política que ocupan homes e mulleres:. mentres os homes adoitan dirixir áreas como a defensa ou a economía, as mulleres dirixen carteiras de dereitos humanos, igualdade de xénero e protección social. Esta diferenciación por xénero nas funcións ou ámbitos de poder é unha forma de segregación horizontal, onde as mulleres acaban por encargarse de espazos relacionados con funcións socio-culturais ou de coidados, mentres os homes se encargan daquelas materias que se consideran "importantes", con maior dotación orzamentaria e tradicionalmente masculinas.




## As alcaldesas na política española

Se diriximos a ollada cara o contexto español, os resultados das últimas eleccións municipais amosan un aumento das mulleres nas alcaldías: de 23 en 2019 a 30 alcaldesas en 2023; no conxunto, este aumento de representación feminina, non reflicte un aumento do poder real, xa que os grandes concellos soen estar rexidos por homes (50) e neles concéntrase un gran cantidade da cidadanía (13,7 millóns de persoas).

Por outra banda, cómpre destacar que existen varios municipios onde é a primeira vez en toda a democracia en que goberne unha muller: un feito simbólico pero importante para a representación feminina. Algúns dos casos en grandes concellos son Vitoria, Huelva, Palencia, Granada, Almería, Burgos, Alcalá de Henares ou Santiago de Compostela.

## Os partidos e as listas cremalleira

É importante sinalar que a Lei de Igualdade no seu artículo 44 bis, establece un criterio de paridade entre sexos no referido ás eleccións (40%-60%):

"Las candidaturas que se presenten para las elecciones (…) deberán tener una composición equilibrada de mujeres y hombres, de forma que en el conjunto de la lista los candidatos de cada uno de los sexos supongan como mínimo el cuarenta por ciento".

Aínda así non todas as formacións políticas cumpren este criterio de presenza equilibrada pois, segundo o INE, no ano 2022, os partidos que o cumpriron foron só o Partido Socialista Obreiro Español, o Partido Popular, Esqueda Unida, Podemos e Esquerra Republicana de Catalunya.

Na estrutura interna dos partidos, obsérvase tamén unha tendencia a que aumenten as mulleres nos cargos executivos; en efecto, en decembro de 2022, as mulleres representaban un 47% destes cargos executivos. Se observamos a situación dos partidos a nivel individual, podemos sinalar que as formacións con menos presencia feminina nos seus comités executivos son VOX, cun 28,6% e Coalición Canaria cun 30,8%.

En canto aos órganos de goberno do Estado, no Congreso dos Deputados, ao finalizar o ano 2022, a porcentaxe de mulleres situouse no 42,7%. Ademais, a maioría dos partidos políticos con representación no Congreso, alcanzaron unha presencia feminina por riba do 40% (PSOE 49,2%, Unidas Podemos 51,5%, Ciudadanos 44,4%, JxCat 50%, EH Bildu 40,0%) e PP (39,8%), quedando fóra deste baremo Vox (26,9%) e EAJ-PNV (33,3%).

É importante sinalar que, segundo os últimos datos do INE, na actualidade hai 14 Ministerios e Vicepresidencias liderados por mulleres, dos 23 totais, o que supón un 61% dos mesmos.

- Vicepresidencia primera y Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital
- Vicepresidencia segunda y Ministerio de Trabajo y Economía Social
- Vicepresidencia tercera y Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
- Ministerio de Justicia
- Ministerio de Defensa
- Ministerio de Hacienda y Función Pública
- Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana
- Ministerio de Educación y Formación Profesional
- Ministerio de Industria, Comercio y Turismo
- Ministerio de Política Territorial y Portavoz del Gobierno
- Ministerio de Sanidad
- Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030
- Ministerio de Ciencia e Innovación
- Ministerio de Igualdad

## Contexto galego: as eleccións municipais

Para as eleccións municipais do pasado maio, Praza Pública (2023) indicaba que apenas o 26% das candidaturas dos 313 municipios galegos, estaban encabezadas por mulleres. Se miramos estes datos por provincia, destacaba o caso de Lugo, por ser a provincia que máis se achega á paridade, cun 29,7% de candidaturas encabezadas por mulleres, pero tamén por ser a cidade onde as mulleres lideran 7 das 8 listas presentadas.

Por outra banda houbo seis concellos onde todas as listas estiveron lideradas por mulleres: A Bola, Allariz, Boborás, Moeche, O Rosal, Tomiño e Vilardevós. Porén, é moito máis habitual a situación contraria: que todas as listas estean encabezadas por un home. Iso sucede en 101 concellos, case un terzo do total (Pérez Pena 2023).

Se analizamos as cifras por partido políticos, observamos que o BNG presenta un 32,1% de mulleres cabezas de lista, algo por riba dos datos do PSdeG (30,8%). A moita distancia aparece o PP, con só o 24%; VOX ten un 12,8%.

No seguinte mapa elaborado polo xornal Praza pública (Pérez Pena 2023), observamos, en cor lila, os concellos galegos cunha alcaldesa.

Das 68 alcaldesas, o PP é a formación que suma un maior número (28), aínda que só representan o 20% do seu número total de rexedores. O PSdeG ten 23 alcaldesas (o 23% do total de rexedores desta formación) e o BNG 12, un terzo dos seus rexedores, o que converte o Bloque na forza política máis feminizada no seu poder municipal (Pérez Pena, 2023).




Se observamos as cidades galegas, tres delas estarán dirixidas por unha muller. Este, é o caso de Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo. No caso de Santiago de Compostela, cómpre destacar que Goretti Sanmartín, será a primeira alcaldesa na historia democrática da capital galega. Por outra banda, na Coruña, Ines Rey, que hai catro anos foi tamén a primeira muller en desempeñar este cargo na cidade, repite como alcaldesa. O mesmo caso é o de Lugo, no que Lara Méndez, que en 2015 constituía a primeira alcaldesa da cidade, este ano volve desempeñar este cargo.

Respecto as Deputacións provinciais, aínda non constituídas, espérase que todas estarán rexidas por homes, o que amosa unha vez mais que estamos aínda moi lonxe da paridade de xénero na política.

## Bibliografía

Marco Rodríguez, Aurora. *Irmandiñas.* Laiovento, 2020.

Montilla, Lucía. «Más mujeres con bastón de mando en las grandes alcaldías, pero la paridad sigue lejos.» *RTVE.es.* 17 de Xuño de 2023. https://www.rtve.es/noticias/20230617/ayuntamientos-alcaldes-alcaldesas-paridad-elecciones-municipales/2449727.shtml (último acceso: 2023 de Xuño de 26).

Pérez Pena, Marcos. «Apenas o 26% das candidaturas están encabezadas por mulleres, con maiores cifras en BNG e PSdeG e menores no PP.» *praza.gal.* 1 de Maio de 2023. https://praza.gal/politica/apenas-o-26percent-das-candidaturas-estan-encabezadas-por-mulleres-con-maiores-cifras-en-bng-e-psdeg-e-menores-no-pp (último acceso: 26 de Xuño de 2023).

--------------------------------. «Aumenta o número de alcaldesas en Galicia, pero o 80% dos rexedores son homes.» *praza.gal.* 25 de Xuño de 2023. https://praza.gal/politica/aumenta-o-numero-de-alcaldesas-en-galicia-pero-o-80percent-dos-rexedores-son-homes (último acceso: 6 de Xuño de 2023).

## RECURSOS

**Mulleres na política:** 2023 +Info

Mapa da Unión Interparlamentaria (UIP) e ONU Mujeres que presenta os datos sobre mulleres en postos executivos e parlamentos nacionais a 1 de xaneiro de 2023.

**Informe «Científicas en Cifras 2023»** +Info

Publicado polo Ministerio de Ciencia e Innovación

**Informes Mujeres Investigadoras da Comisión de Mujeres y Ciencia del CSIC** +Info

Elaborado pola Comisión Mulleres e Ciencia sobre a distribución por sexo do persoal do CSIC nas súas diferentes categorías. Nas conclusión deste informe sinálase que as mulleres científicas do CSIC realizan unha actividade investigadora da mesma magnitude, extensión, impacto e financiamento que os seus compañeiros sen embargo, a fenda de xénero continua nas altas escalas e a gráfica tesoira non presenta unha tendencia de mellora.

**Índice de Normas Sociales de Género. Informe do Programa das Nacións Unidas para o Desarrollo (PNUD)** (EN) +Info

**Igualdade en Cifras MEFP** +Info

**Amplificación das desigualdades: percepcións de xénero sobre a flexibilidade laboral e a división do traballo doméstico durante a pandemia de COVID-19** (EN) +Info

**Informe «Voces científicas en femenino. La mujer y la niña en la ciencia española, europea y global. »** 2023 +Info

**Abordar a igualdade de xénero na investigación e a innovación** (EN) +Info

**Os científicos con varias subvencións dos NIH (Institutos Nacionais de saúde) son na súa maioría homes e brancos** (EN) +Info

**Igualdade e análise con perspectiva de xénero no ámbito da enxeñería** +Info

Gravación da mesa redonda Mesa redonda organizada polo CINTECX con motivo do 8M

**Liderado feminino para unha Administración pública innovadora** +Info

**Guía de programas de mentorado en ciencia, tecnoloxía e innovación:** descrición e análise desde un enfoque de xénero +Info

**Unha chamada para crear financiamento para as investigadoras que son nais** (EN) +Info

Este artigo presenta datos que proveñen dun traballo liderado por Mother in Science (MIS) quen presentou recentemente un plan con propostas de políticas antidiscriminatorias para as entidades financiadoras. O informe destaca seis aspectos nos que incidir: a necesidade de apoio financieiro para asegurar a continuidade da investigación; flexibilidad para nais, pais e cuidadoras/es, incluída a opción de teletraballo; sistemas para rastrexar a diversidade e a inclusión e para sinalar sospeitas de discriminación; simplificación do proceso de solicitude e avaliación de subvencións e bolsas; e abordar o impacto desproporcionado que la pandemia da covid tivo nas mulleres científicas.

**Gravacións da xornada final de difusión: Promoción e implementación da dimensión de sexo e xénero na investigacion do proxecto europeo GENDER-NET Plus- Promoting gender equality in H2020 and the ERA** (EN) +Info
Sesión 1: Mellorar a atención as persoas en situación de vulnerabilidade
Sesión 2: Creación de políticas contra a violencia de xénero
Sesión 3: Desentrañar a dimensión sexo/xénero da saúde/medicina
Sesión 4: Abordar os roles de xénero

**Impacto do COVID-19 na igualdade de xénero na investigación e innovación** (EN) +Info

**As mulleres xa eran desiguais no mundo da saúde global. A pandemia agravouno** (EN) +Info

**Comprender a violación na Unión Europea: a necesidade esencial da recollida de datos administrativos** (EN) +Info

**A necesidade de acabar coa ciberviolencia- Entrevista á experta Eleonora Espósito.** Episodio do podcast *WAVE - Women against Violence Europe* (EN) +Info

**Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos** +Info

**Violencia institucional contra las madres y la infancia. Aplicación del falso síndrome de alienación parental en España** +Info

**Gravación de «Cóntancho as matemáticas: Maryam Mirzakhani e Ixchel D. Gutiérrez** +Info
Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo. O obxectivo é estimular as vocacións matemáticas entre o estudantado de Educación Primaria e primeiros cursos de Educación Secundaria.

**Gravación de «Cóntancho as matemáticas: Emmy Noether y Olga Pérez»** +Info
Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, co obxectivo de estimular as vocacións matemáticas entre o estudantado de Educación Primaria y primeiros cursos de Educación Secundaria.

**As mulleres no liderado enfróntanse ao edadismo en todas as idades**( EN) +Info

**Documental Manipulación: Sexo, cámara, poder** (Nina Menkes, 2022)

**Guía Sexualidades en clave cultural** +Info

**Revista de Género e Igualdad iQual, nº 6, febreiro 2023** +Info

**Revista IgUALdad, nº 22, abril 2023** +Info

**Emprendemento verde das mulleres e emprendemento das mulleres no ámbito rural.** Informe 2023 +Info

**Grabación da Xornada «As mulleres no emprendemento verde e rural»** do Ministerio Transición Ecolóxica e Reto Demográfico +Info

**Informe «Diversidade e STEM: mulleres, minorías e persoas con discapacidade» 2023** (EN) +Info

**Porfolio completo das Guerrilla girls 1985-2021** (EN) +Info
Un portafolio de 124 carteis, 2 boletíns, 9 vídeos e 6 libros creados por Guerrilla Girls entre 1985 e 2021 e firmados por membras fundadoras.

**Rompendo o nesgo: como lograr a Equidade de xénero na conservación (EN) +Info**

**Queer noutros lugares do mundo - Imaxinarios do sur de Asia.** Journal *Feminist Review*. Núm. 1 Vol. 133, 2023 (EN) +Info

**Segundo informe de seguimento do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2022** +Info

**Informe «Derechos Humanos de las Mujeres y Niñas con Discapacidad» 2022** +Info

**Gravacións do Encontro Internacional Feminista-EIF «We call it feminism. Feminismo para un mundo mejor» organizado polo Ministerio de Igualdade** +Info

**Proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres: Identificación de comentarios sexistas en las redes sociales mediante técnicas de IA** +Info
O proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres, financiado pola Cátedra de Feminismo 4.0 da Deputación de Pontevedra, está centrado na detección de comentarios machistas en redes sociais empregando intelixencia artificial. Nel participan atlanTTic, DATASALUS e a Universidade de Vigo. Póster científico aquí.

**Actas do II Congreso internacional sobre masculinidades e igualdad** +Info

**Guía para la elaboración de planes de igualdad en las empresas** +Info

**Datos e campaña da Comisión de Igualdad de la AEET** sobre o chan pegañento nas investigadoras e científicas +Info

**Queres ser unha muller STEAM?** +Info
Videos que recollen testemuños de mulleres STEAM.

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 +Info

**Revista Journal of Language and Sexuality.** Núm. 1, Vol. 12, 2023 +Info

**Dossier 2023 ¿Qué es la violencia sexual?** +Info

A publicidade de xoguetes en plataformas e redes sociais durante a campaña de nadal




2022-2023 (CAT) +Info

## NOVAS DO DUVI




A Deputación distingue a traxectoria como escritora e investigadora da profesora Rexina Vega +Info

A UVigo edita a terceira edición do catálogo 'Quero ser investigadora' para continuar fomentando as vocacións científicas entre a mocidade +Info

Unha científica de Cintecx utiliza residuos da produción de aceite de oliva para a depuración de restos de medicamentos nas augas residuais +Info

Unha exposición visibiliza a loita das mulleres afgás polo seu futuro e o do seu país +Info

Juana de Vega, 150 anos do legado dunha “muller e política única do século XIX” +Info

## NOVAS

  

**Laberinto de cristal para las mujeres en la universidad +Info**
Un estudio documenta que la brecha salarial en los centros de educación superior roza el 13 por ciento.

**Las mujeres con VIH que preparan la revolución +Info**

**España asume la presidencia de la Iniciativa Iberoamericana contra la violencia machista +Info**

Aumenta o número de alcaldesas en Galicia, pero o 80% dos rexedores son homes +Info

9 de cada 10 persoas teñen prexuízos contra as mulleres, segundo o "alarmante" informe da ONU (EN) +Info

Apenas la mitad de las madres con tres o más hijos menores de 12 años tiene un empleo frente al 81% de los padres +Info

O último tabú da saúde: por que tantas mulleres seguen sufrindo endometriose? (EN) +Info

«Al niño se le anima a la violencia y a la niña se le pide que la contenga» +Info

Más mujeres con bastón de mando en las grandes alcaldías, pero la paridad sigue lejos +Info

Papás desentendidos +Info

Ignoradas, insultadas, infantilizadas: 'Vulnerables' pone en el punto de mira la violencia obstétrica +Info

Más del 90% de las mujeres sale del divorcio sin compensación por el trabajo en casa +Info

O traballo remoto parece estar aquí para quedar, especialmente para as mulleres (EN) +Info

La brecha de género persiste en la universidad: el abismo de los honoris causa +Info

Paulina Chiziane, voz clave de la literatura en portugués: "En la mente colonial una mujer solo servía para cocinar o para el sexo" +Info

**La ONU advierte que los prejuicios contra las mujeres se enquistan en todo el mundo** +Info

**Javier de Castro, oncólogo: "El cáncer es diferente en varones y en mujeres"** +Info

**Una de cada cuatro personas en todo el mundo justifica la violencia machista, según la ONU** +Info

**"Academic housekeeping", el trabajo invisible y voluntario ¿de las mujeres?** +Info

**La nueva Ruta Quetzal baja el listón para los chicos para evitar que el 87% de participantes sean chicas** +Info

**Más de 80 niñas, hospitalizadas tras ser intoxicadas en dos escuelas de Afganistán** +Info

**Europa dejará sin castigar la negación del aborto en la nueva directiva contra la violencia machista** +Info

**Expertas de la Universidad de Vigo defienden el uso de la literatura para abordar la muerte en Infantil** +Info

**Confirmado o asasinato de Ana Vanessa Serén como un caso de violencia machista, o segundo no que vai de ano na Galiza** +Info

## DATOS

**Observatorio de Igualdade da UVigo** +Info

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España**+Info

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2023** +Info

**Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero** +Info

**Observatorio Igualdade Emprego** +Info
Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** +Info
Fonte para analizar cuestións de igualdade de xénero en todos os ODS en 129 países.

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) +Info

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** +Info

**Institucións sociais e índice de xénero** (EN) +Info

Datos e perfiles de países sobre o nivel de discriminación nas leis, normas e prácticas sociais en 180 países nunha ampla diversidade de temas. Hai datos resumidos a nivel mundial e datos por países.

**A vida de mulleres e homes en Europa** (EN)
Edición interactiva 2022 **+Info**

## ESTUDOS DE XÉNERO, FEMINISMO E IGUALDADE

Con motivo da apertura dos prazos de matrícula para o próximo curso incluímos un apartado con información dos graos, mestrados e estudos de doutoramento sobre Estudos de Xénero que hai nas universidades españolas. Agardamos que sexa unha información de interese.

## ANDALUCÍA

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado en Ciencias de la Sexología**, Universidad de Almería. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado Interuniversitario en Estudios de Género**, Identidad y Ciudadanía, Universidad de Cádiz. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info
- **Mestrado Universitario Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género**, Universidad de Granada. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado Universitario en Análise Crítico das Desigualdades de Xénero e Intervención Integral en Violencia de Xénero**, Universidad de Jaén. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado Universitario en Género e Igualdad**, Universidad Pablo de Olavide. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade semipresencial +Info
- **Mestrado Universitario en Igualdad y Género**, Universidad de Málaga. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info
- **Mestrado Universitario en Estudios de Género y Desarrollo Profesional**, Universidad de Sevilla. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

## ARAGÓN

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Relacións de Género, Universidad de Zaragoza**. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano +Info

### DOUTORAMENTO

- **Programa de Doutoramento en Relaciones de Género y Estudios Feministas,** Universidad de Zaragoza. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas +Info

## PRINCIPADO DE ASTURIAS

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Género y Diversidad**, Universidad de Oviedo. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género**, Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial +Info

DOUTORAMENTO

- **Programa de doutoramento en Género y Diversidad**, Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

## ILLES BALEARS

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Políticas de Igualdad y Prevención de la Violencia de Género**, Universitat de les Illes Balears. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info

DOUTORAMENTO

- Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinares de Género, Universitat de les Illes Balears. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos +Info

## CANARIAS

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Estudios de Género y Políticas de Igualdad**, Universidad de la Laguna. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial +Info

## CASTILLA Y LEÓN

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Estudios Interdisciplinares de Género**, Universidad de Salamanca. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado en Estudios Feministas e Intervención para la Igualdad**, Universidad de Valladolid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña +Info

DOUTORAMENTO

- **Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinares de Género y Políticas de Igualdad**, Universidad de Salamanca. Rama: CC Sociais y Jurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

## CATALUÑA

ESTUDOS DE GRAO

- **Grao en Estudios Socioculturales de Género**, Universitat Autònoma de Barcelona. Rama: Artes e Humanidades. Duración: 4 anos. Modalidade: presencial +Info

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad**, Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual +Info
- **Mestrado Interuniversitario en Estudios de la Mujer, Género y Ciudadanía**. Universitat de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Universitat de Vic, Universitat Rovira i Virgili, Universitat Pompeu Fabra, Universitat Politècnica de Catalunya, Universitat de Lleida. Rama: CC Soc. e XcasDuración: 1 ano. Modalidade: en liña e presencial +Info
- **Mestrado en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad**, Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual +Info
- **Mestrado en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad**, Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual +Info

### DOUTORAMENTO

- **Programa de doutoramento interuniversitario en Estudios de Género: Culturas, Sociedades y Políticas**, Universitat de Barcelona. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

## COMUNITAT VALENCIANA

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Derecho y Violencia de Género**, Universitat de València. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info
- **Mestrado Universitario en Género y Políticas de Igualdad**, Universitat de València. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración 1 ano. Modalidade: presencial e en liña +Info

### TÍTULOS PROPIOS

- **Título de especialista universitario en masculinidades, género e igualdad,** Universidad Miguel Hernández. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña +Info

## GALICIA

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación**, Universidade de Santiago de Compostela. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

## COMUNIDADE DE MADRID

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Estudios de Género**, UNED. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual +Info
- **Mestrado Universitario en Estudios de Género,** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial **+Info**
- **Mestrado en Estudios Interdisciplinares de Género**, Universidad Autónoma de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

### DOUTORAMENTO

- **Programa de doutoramento en Estudios Feministas y de Género**, Universidad Complutense de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info
- **Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinares de Género**, Universidad Rey Juan Carlos. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info
- **Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinares de Género**, Universidad Autónoma de Madrid. Rama: Ciencas Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

## REXIÓN DE MURCIA

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Género e Igualdad, Universidad de Murcia**. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado Universitario en Salud, Mujer y Cuidados**, Universidad de Murcia. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info
- **Mestrado Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Género**. Universidad Internacional de Valencia. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña +Info

## PAÍS VASCO

### ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Intervención en Violencia Contra las Mujeres, Universidad de Deusto**. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info
- **Mestrado Universitario en Estudios Feministas y de Género, Universidad del PaísVasco/Euskal Herriko Unibertsitatea**. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e mixta +Info

### TÍTULO PROPIO

- **Especialización universitaria en Género, Masculinidades y Acción Social, Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea.** Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Modalidade: en liña +Info

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** +Info

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo**
En Ourense e Vigo.

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**
Servizos municipais de atención psicoló-xica, xurídica e social para mulleres. +Info

- CIM Vigo
  Rúa Romil núm. 20
  986 293 963
- CIM Ourense
  Rúa Ensino núm. 24
  988 393 191
- CIM Pontevedra
  Praza José Martí, 3º andar
  900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vitima** (nas tres cidades) Cita previa

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** +Info

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** +Info

**Guía de actuación fronte á violencia machista** +Info

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** +Info

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** +Info

**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** +Info

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** +Info

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** +Info

Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

Grupo de mulleres de Vigo que presta atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas da violencia de xénero.

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** Ano 2023

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** Ano 2023

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** Ano 2023

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** Ano 2023

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** +Info

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** +Info

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** +Info